

10574 *REAL DECRETO 480/2002, do 31 de maio, polo que se modifica a disposición transitoria segunda do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.* («BOE» 131, do 1-6-2002.)

O Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, establece na súa disposición transitoria segunda un prazo máximo para o traslado de bovinos non afectados pola tuberculose e pola brucelose, e procedentes de explotacións nas que foi diagnosticada algunha destas enfermidades, a outras comunidades autónomas, para a súa engorda e posterior sacrificio.

En consideración á situación existente, e á vista dos resultados dos programas nacionais de erradicación da tuberculose e da brucelose, estímase conveniente posibilitar que, ata o 31 de decembro de 2003 e respecto dos bovinos que non reaccionasen positivos nunha explotación afectada por tuberculose ou brucelose, se poida autorizar-lo seu movemento, se ben só por unha vez, a unha explotación de engorda, da cal unicamente poderán ser trasladados ó matadoiro para o seu sacrificio. En consecuencia, debe modificarse neste sentido a disposición transitoria segunda do Real decreto 2611/1996.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de maio de 2002,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro.*

A disposición transitoria segunda do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, queda redactada do seguinte modo:

«Non obstante o disposto na alínea a) dos artigos 19 e 24, e na alínea a) do punto 1 dos artigos 22 e 27, os órganos competentes das comunidades autónomas poderán autorizar, ata o 31 de decembro de 2003, logo do illamento dos animais sospeitosos e sacrificio dos reaccionantes positivos de tuberculose e brucelose, o movemento dos outros bovinos procedentes da explotación afectada, sempre e cando o seu destino sexa exclusivamente unha única explotación de engorda para o seu posterior traslado ó matadoiro, logo de comunicación á Comunidade Autónoma de destino.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, polo que se lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de maio de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

MINISTERIO DO INTERIOR

10711 *ORDE INT/1272/2002, do 22 de maio, pola que se modifica parcialmente a Orde do 4 de decembro de 2000, pola que se desenvolve o capítulo III do título II do Regulamento xeral de conductores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio.* («BOE» 133, do 4-6-2002.)

A experiencia na aplicación práctica da Orde do 4 de decembro de 2000, pola que se desenvolve o capítulo III do título II do Regulamento xeral de conductores e se regulan as probas de aptitude para a obtención do permiso e a licencia de condución, aconsella introducir algunhas modificacións en canto ó modo de realización de certas probas, réxime de convocatorias, control dos cursos impartidos polas escolas particulares de conductores, sinalización dos vehículos e criterios de cualificación das probas prácticas de control de aptitudes e comportamentos en circuíto cerrado e en circulación en vías abertas ó tráfico xeral.

En canto ó vehículo utilizado polo profesor para as clases prácticas de circulación en motocicletas, ó dito vehículo ocupado por unha soa persoa, non existe inconveniente en admitir que ese vehículo sexa outra motocicleta, que permite unha maior facilidade no seguimento do alumno. En consecuencia, resulta necesario modifica-lo parágrafo segundo do punto 6 da alínea sétima da orde que prohibía a utilización de intercomunicadores que tivesen contacto físico co oído. Este sistema é o único posible a bordo dunha motocicleta e está permitido excepcionalmente para as probas de aptitude polo punto 3 do artigo 11 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial.

Por outra parte, a forma de lles da-las instrucións ós aspirantes á obtención de permisos de condución da clase A que padezan hipoacusia, que se encontraba regulada no punto 8.3 do punto décimo terceiro, entre as exencións, pásase ó lugar que lle corresponde, que é o parágrafo terceiro do número 6 da punto sétimo, dedicado á proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ó tráfico xeral.

Co fin de que os aspirantes conten co tempo suficiente para a preparación das probas de control de coñecementos, modifícase o parágrafo primeiro do punto noveno, permitindo a presentación ás ditas probas antes de cumprila idade mínima esixida para obte-lo permiso ou licencia de que se trate.

Noutro ámbito, a experiencia positiva na aplicación dun prazo entre convocatorias de probas non superadas aconsella modifica-lo parágrafo segundo do punto noveno, impoñendo o dito prazo como regra xeral, axustado ós intervalos máis usuais entre convocatorias, e esixindo un número mínimo de clases prácticas que garanta unha mellor preparación dos aspirantes.

En canto ó número máximo de aspirantes que se presentará á proba práctica de circulación en vías abertas ó tráfico xeral, considerouse conveniente modifica-lo número 1 do punto décimo para, mantendo un número máximo como regra xeral, facer posible o seu aumento en circunstancias excepcionais, sempre que o permita a capacidade de exame da Xefatura Provincial de Tráfico.

Co obxecto de facilitar e facer máis efectivo o control dos cursos impartidos polas escolas particulares de condutores para a obtención da licenza de ciclomotor, modifícanse os parágrafos terceiro, cuarto e quinto do número 5.1 do punto décimo terceiro, no sentido de establecer un número máximo de clases diarias, a obriga de comunica-la identidade do profesor e as modificacións da programación, e impedir que durante un ano se poida solicitar unha nova autorización para impartir-los cursos cando se acordase a perda de vixencia da anterior por incumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento.

En desenvolvemento do parágrafo segundo do artigo 7.3 do Regulamento xeral de condutores, concretamente, nos números 6.2 e 7.2 do punto décimo terceiro, os requisitos que deben cumprir-los centros de ensino para impartiren os cursos que substitúen o ano de antigüidade.

En consonancia coa modificación do parágrafo segundo do número 6 do punto sétimo, ó que anteriormente se fixo referencia, permitindo a posibilidade de utilizar intercomunicadores en contacto físico co oído, introdúcese igualmente esta posibilidade no número 8.3 do punto décimo terceiro, relativo ó desenvolvemento da proba de circulación en vías abertas ó tráfico xeral para a obtención do permiso de conducción da clase A.

Por outro lado, faciase necesario precisar, no parágrafo segundo do número 3 do punto décimo cuarto, que no tempo mínimo de duración das probas de circulación en vías abertas ó tráfico xeral se inclúe o tempo dedicado a manobras, sempre que estas se desenvolvan no transcurso da dita proba.

Polo que respecta á sinalización das motocicletas durante a realización da proba de circulación en vías abertas ó tráfico xeral, a experiencia demostrou que é difícil, cando non imposible, colocar sobre o vehículo a placa indicativa de que este circula en función da aprendizaxe da conducción ou das probas de aptitude, que polas súas dimensións e a súa estrutura de aluminio, pode mesmo supoñer un perigo para o aspirante e outros usuarios da vía. En consecuencia, modifícase o parágrafo 1.b) do punto décimo sétimo, para permitir prescindir do referido sinal, indicando que o vehículo circula en función da aprendizaxe ou das probas de aptitude tan só polo dorsal levado polo aspirante.

Co fin de acomoda-lo réxime de infraccións e sancións á modificación do artigo 67 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, levada a cabo pola Lei 19/2001, do 19 de decembro, modifícase a redacción do punto vixésimo primeiro.

Para facer posible o control do cumprimento en distintos períodos de tempo da sanción de suspensión da autorización para conducir, prevista no artigo 67 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, introdúcese, mediante unha disposición adicional, un novo código nacional, que se engade ós establecidos pola Orde do 13 de xuño de 1997.

En canto ás manobras a realizar na proba de control de aptitudes e comportamentos en circuíto cerrado, modifícanse os puntos 1.1 e 2.1 do anexo V para distinguir qué manobras das realizadas cunha motocicleta se deben facer sen solución de continuidade, e determinar con maior claridade a lonxitude dos treitos ascen-

dentes e descendentes para a manobra de arrincada en pendente ascendente ou descendente, prevendo ademais a posible ausencia de pedal de embrague.

No anexo VII modifícanse os puntos 1.9.3 e 1.9.5 para incluír como faltas eliminatorias algunhas para as que se mostrou inadecuada a cualificación noutra categoría e introducir outras non previstas, facendo o mesmo en relación coas faltas deficientes nos puntos 2.2, 2.5, 2.7, 2.8 e 2.10 e coas leves nos puntos 3.4, 3.10, 3.11 e 3.14.

Por último, precísanse certos detalles e dimensións nas representacións gráficas do anexo VIII, en relación coas manobras a realizar en circuíto cerrado para a obtención dos permisos de conducción das clases A1 e A.

Na súa virtude, por proposta do director xeral de Tráfico, logo de aprobación do ministro de Administracións Públicas, dispóño:

Un.—Dáselle unha nova redacción ó parágrafo segundo do número 6 do punto sétimo. O dito parágrafo queda redactado da seguinte forma:

«O examinador dirixirá a proba e daralle as instrucións precisas ó aspirante por medio dun intercomunicador (transmisor-receptor) homologado, o uso do cal deberá estar autorizado pola Xefatura Provincial de Tráfico, que permita unha eficaz comunicación oral entre ambos, desde un automóbil de turismo ou un vehículo mixto dos utilizados para obter permiso das clase B ou B+E, adscritos á escola ou sección na que o interesado realízase a aprendizaxe. O dito vehículo, que circulará próximo á motocicleta, irá conducido polo profesor autorizado que, durante a aprendizaxe, lle impartise ó alumno o ensino práctico en vías abertas ó tráfico xeral. A parte do sistema do intercomunicador destinado ó uso do examinador deberá estar constituída por un micrófono e un altofalante mans libres ou soportado manualmente.»

Dous.—Incorpórase un parágrafo terceiro no número 6 do punto sétimo, coa seguinte redacción:

«Ó aspirante que padeza hipoacusia que lle impida recibir as instrucións a través de intercomunicador, seralle facilitado un esbozo no que se represente graficamente o itinerario que se vai realizar durante a proba.»

Tres.—Dáselle unha nova redacción ó parágrafo segundo do punto noveno. O dito parágrafo queda redactado da seguinte forma:

«Noveno.—Convocatorias.—Cada solicitude para obter permiso ou licenza de conducción dará dereito a dúas convocatorias para realiza-las probas. Na data sinalada para a primeira convocatoria das probas de control de aptitudes e comportamentos, o solicitante deberá ter cumprida a idade mínima esixida para obte-lo permiso ou licenza de que se trate. Entre as dúas convocatorias a que dá dereito unha solicitude non deberá mediar máis de tres meses, salvo en casos de enfermidade ou outros excepcionais debidamente xustificados ante a Xefatura Provincial de Tráfico e sen prexuízo do período de vixencia das probas superadas.

Cando o aspirante non supere a proba de que se trate en dúas convocatorias, entre a última destas e a seguinte mediará un prazo de, alomenos, catorce días naturais. De non supera-la proba nesta convocatoria, o prazo para ser citado novamente a exame será de, alomenos, vinte días naturais para a primeira convocatoria afectada, e de alomenos vinte e oito días naturais entre as sucesivas convo-

catorias. Estes prazos, que se contarán desde a data de realización da proba non superada, poderán ser reducidos excepcionalmente en casos de recoñecida urxencia, debidamente xustificada. Ademais, tratándose da proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ó tráfico xeral, para poder ser citado a exame, unha vez esgotadas as dúas convocatorias, será necesario acreditar mediante certificación do director da escola ter recibido alomenos cinco clases. De non supera-la proba nesta convocatoria será preciso acreditar, polo mesmo procedemento, ter recibidas oito clases para poder ser citado a exame e, de forma análoga, doce clases entre as seguintes sucesivas convocatorias.»

Catro.—Dáselle unha nova redacción ó punto 1 da alínea décima. O dito punto queda redactado da seguinte forma:

«As datas en que serán convocados os solicitantes á realización das probas serán fixadas, por petición de cada interesado, pola Xefatura provincial de Tráfico ante a que se presente a solicitude, tendo en conta as posibilidades do servizo. Esta capacidade máxima será distribuída equitativa e proporcionalmente entre os profesores en función da capacidade de ensino de cada un deles, a cal dependerá do tempo que dedique á actividade docente; para esta xustificación o dito organismo poderá esixir-la correspondente proba documental, sen que, como regra xeral, o número de aspirantes a presentar á proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ó tráfico xeral poida exceder de catro por profesor e semana.»

Cinco.—Dáselles unha nova redacción ós parágrafos terceiro, cuarto e quinto do número 5.1 do punto décimo terceiro. Os ditos parágrafos quedan redactados da seguinte forma:

«Con independencia do tempo destinado a avaliacións e, se é o caso, ás prácticas de conducción, o curso sobre coñecementos teóricos, con presenza activa e obrigatoria dos alumnos, terá unha duración mínima de oito horas lectivas que se distribuirán en, polo menos, catro días, cun máximo de dúas horas diarias. As clases serán impartidas por profesores dados de alta na escola ou sección e en posesión do correspondente certificado de aptitude e da autorización de exercicio.

A Xefatura provincial de Tráfico, logo dos trámites oportunos, dictará unha resolución na que conceda ou denegue a autorización solicitada. A autorización que, se é o caso, proceda, outorgarase condicionada ó estricto cumprimento do disposto nesta orde, podendo o xefe de Tráfico da provincia na que teña a súa sede a escola, logo de audiencia do seu titular, acordar-la perda da vixencia da autorización por incumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento, caso no que non se poderá solicitar outra autorización durante un ano.

De cada curso que se imparta, o director da escola deberalle comunicar á Xefatura Provincial de Tráfico, con alomenos vintecatro horas de antelación á súa iniciación, as datas de inicio e finalización, o profesor que o vaia impartir, así como o horario das clases e o das avaliacións parciais e finais, nas que se utilizarán cuestionarios que cumpran os requisitos esixidos no artigo 56.2.d) do Regulamento xeral de conductores, e serán cualificadas de acordo co disposto no punto décimo primeiro desta orde. Así mesmo, xuntarán unha relación dos alumnos que participarán nel, con expresión do nome,

apelidos e documento nacional de identidade ou, se é o caso, tarxeta de residencia, data de nacemento e número de inscrición no libro rexistro.

Se, por motivo xustifico, fose necesario modificarlo horario do curso xa comezado ou suspendelo, o feito deberase pór en coñecemento da Xefatura con anterioridade á aplicación dos cambios ou do inicio do curso, se é o caso.»

Seis.—Dáselles unha nova redacción ós números 6.2 e 7.2 do punto décimo terceiro. Os ditos puntos quedan redactados da seguinte forma:

«6.2 A autorización a que se refire o artigo 7.3 do Regulamento xeral de conductores e sexan titulares dun permiso da clase B, con máis dun ano de antigüidade.

O titular do centro de formación de conductores interesado en impartirlos cursos que substitúen o ano de antigüidade deberá solicitar autorización para o efecto da Xefatura Provincial de Tráfico. Á solicitude xuntaráselle a programación razoada e detallada dos cursos, axustada ós contidos dos anexos II E), III B) e VI.5 desta orde, con expresión das avaliacións parciais e finais que se van realizar para comproba-los coñecementos e aptitudes, o persoal docente e o material didáctico do que dispón, indicando, así mesmo, os vehículos que se van utilizar e, se é o caso, a sección que impartirá os cursos.»

«7.2 A autorización a que se refire o artigo 7.3 do Regulamento xeral de conductores, e sexan titulares dun permiso da clase B, con máis dun ano de antigüidade ou poidan substituír esta por un certificado acreditativo de ter realizado un curso nun centro de formación de conductores autorizado para o efecto, nos termos do punto 6.2 anterior.»

Sete.—Dáselle unha nova redacción ó número 8.3 do punto décimo terceiro. O dito punto queda redactado da seguinte forma:

«8.3 O profesor, durante a formación do alumno, dará as instrucións precisas e dirixirá a aprendizaxe por medio dun intercomunicador (transmisor-receptor) homologado que lle permita unha eficaz comunicación oral co alumno, desde unha motocicleta, un turismo ou un vehículo mixto dos autorizados para a obtención do permiso das clases A, B ou B+E, que circulará próximo á motocicleta e irá conducido polo profesor que imparta as ensinanza prácticas de conducción e circulación. A parte do sistema de intercomunicador destinado ó uso do profesor deberá estar constituída por un micrófono e un altofalante mans libres. Tanto o profesor como a motocicleta e o vehículo de acompañamento deberán estar dados de alta na escola ou sección na que o aspirante realice a aprendizaxe.»

Oito.—Dáselle unha nova redacción ó parágrafo segundo do número 3 do punto décimo cuarto. O dito parágrafo queda redactado da seguinte forma:

«O tempo mínimo de conducción e circulación, incluído, se é o caso, o dedicado a manobras, será de vintecinco minutos para o permiso das clases A, B e B+E, e de corenta e cinco minutos para o permiso das clases C, C+E, C, C+E, D1, D1+E, D e D+E, e a autorización a que se refire o artigo 7.3 do Regulamento xeral de conductores, salvo que antes proceda a interrupción ou suspensión inmediata da proba conforme dispón o punto décimo quinto desta orde.»

Novo.—Dáselle unha nova redacción á alínea b) do número 1 do punto décimo sétimo. O dito parágrafo queda redactado da seguinte forma:

«b) Encontrarse en bo estado de limpeza, hixiene, conservación, mantemento, eficacia e seguridade, ó corrente nas inspeccións técnicas periódicas, provistos de toda a documentación regulamentaria e estar sinalizados na parte dianteira e traseira co sinal V-14, previsto no anexo XI do Regulamento xeral de vehículos. No caso das motocicletas utilizadas para a realización da proba de control de aptitudes e comportamentos en circulación en vías abertas ó tráfico xeral, cando, polas características do vehículo, non fose posible colocalo referido sinal sen que este impida ou dificulte a visibilidade dalgunha luz ou da placa de matrícula ou sen que, por presentar bordos ou arestas saíntes, supoña un perigo para o aspirante e para os demais usuarios da vía, poderase prescindir deste sinal, sendo suficiente co dorsal ó que se refire o punto 8.4 do punto décimo terceiro.»

Dez.—Dáselle unha nova redacción ó punto vixésimo primeiro. O dito punto queda redactado da seguinte forma:

«Infraccións e sancións.—As infraccións ó disposto nesta orde, tipificadas no texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, sen prexuízo doutras responsabilidades a que houber lugar, serán sancionadas conforme o disposto no artigo 67.2 e 4 do dito texto articulado.»

Once.—Introdúcese unha disposición adicional co seguinte texto:

Disposición adicional.

«Os códigos nacionais establecidos pola Orde do 13 de xuño de 1997, engádese o código 201, co significado seguinte: anexo ó permiso ou licenza de conducción. O permiso ou a licenza non serán válidos sen un documento no que figure o texto da resolución que determina os períodos de tempo nos que se deberá cumprir a sanción de suspensión da autorización.»

Doce.—Dáselle unha nova redacción ó punto 1.1 do anexo V. O dito punto queda redactado da seguinte forma:

«1.1 Os solicitantes de permiso de conducción das clases A1 ou A realizarán as manobras A), B), C), D), E), F), G) e H). Todas elas irán encamiñadas a comproba-la posición e o equilibrio sobre o vehículo, así como a súa destreza, aptitudes, habilidades e comportamentos no manexo correcto, adecuado, eficaz e coordinado do vehículo e os seus mandos. As ditas manobras realizaranse comezando pola manobra A), sen solución de continuidade ata a manobra F) e conservando en todo momento o equilibrio en diferentes situacións de conducción.»

Trece.—Dáselle unha nova redacción ó epígrafe M) do punto 2.1 do anexo V. O dito epígrafe queda redactado da seguinte forma:

«M): Arrincada sen sacudidas nin retrocesos en pendente ascendente ou descendente:

Descrición da manobra.—O aspirante deterá o vehículo ou conxunto de vehículos nunha pendente

ascendente ou descendente, deixando a panca de relación de marchas en punto morto e o pedal do embrague, se é o caso, solto. A continuación seleccionará a relación de marchas adecuada, iniciando seguidamente a arrincada con suavidade, ata superala cota máis elevada.

O realiza-la manobra non se deberá deixar retroceder-lo vehículo ou conxunto de vehículos máis de 0,50 metros, tanto se se trata dun só intento ou da suma de varios, nin que se cale o motor ó arrinca-lo vehículo despois de detido na pendente.

Dimensións.—Desnivel da pendente sobre a horizontal: mínimo 7 por 100, máximo 10 por 100.

Lonxitude de cada tramo ascendente ou descendente: 18 metros, como mínimo.

Largo da calzada: 6 metros, alomenos. Ademais, deberá existir unha beirarrúa ou espacio de, alomenos, 1 metro de largo, delimitado por un bordo fixo.

Lonxitude da meseta entre pendentes: 5 metros como mínimo.»

Catorce.—Dáselles unha nova redacción ós puntos 1.9.3, 1.9.5, 1.11, 2.2, 2.5, 2.7, 2.8, 2.10, 3.4, 3.10, 3.11 e 3.14 da letra B) do anexo VII. Os ditos puntos quedan redactados da seguinte forma:

«1.9.3 Semáforos:

Non respectar semáforo en vermello.

Non respectar unha luz vermella intermitente ou dúas luces vermellas alternativamente intermitentes.

Circular por un carril sobre o que se encontra acesa unha luz vermella en forma de aspa, ou non abandonalo no caso de acenderse.

Non deixar pasa-los vehículos que gozan de prioridade ou pór en perigo os peóns que crucen a calzada, cando se siga a indicación dunha frecha verde dun semáforo circular.

Non respectar unha ou dúas luces amarelas alternativamente intermitentes, con ou sen frecha negra.

Non extrema-la precaución con vehículos ou peóns ó segui-la indicación dunha frecha negra sobre fondo amarelo intermitente.»

«1.9.5 Marcas viais e sinais horizontais de circulación:

Atravesar, circular sobre ou pola esquerda dunha ou dúas liñas lonxitudinais continuas que separan sentidos de circulación.

Non respecta-los sinais de STOP ou CEDA O PASO, marcados sobre a calzada.

Superar en máis de 30 quilómetros por hora o sinal de limitación de velocidade máxima marcada sobre a calzada.

Circular pola esquerda dun cebreado que separe sentidos opostos de circulación.

Atravesa-las franxas oblicuas enmarcadas por liña lonxitudinal continua cando separen sentidos de circulación.

Circular por un carril reservado para outros vehículos.

Non respecta-la liña amarela en zigzag ou a liña lonxitudinal continua ou descontina pintada no bordo ou xunto ó bordo da calzada.

Non respectar un sinal horizontal de STOP ou de CEDA O PASO combinada cun semáforo amarelo intermitente.

Non respecta-los peóns e ciclistas, nos pasos sinalizados para eles, obrigándoos a modifica-la súa traxectoria ou o seu paso.»

«1.11 Manexo dos mandos do vehículo:

Descoñece-la situación ou o manexo do limpa/lavaparabrisas.

Non utiliza-lo limpaparabrisas cando é necesario facelo.

Descoñece-la situación ou o manexo da bucina.

Non utiliza-la bucina cando sexa necesario facelo.

Descoñece-la situación ou o manexo dos sistemas de freado.

Descoñece-la situación ou o manexo dos mandos relacionados coa falta de visibilidade producida polo embazamento das superficies acristaladas ou por cegamento do sol.

Descoñecer outros elementos relacionados coa seguridade.»

«2.2 Progresión normal:

Non utiliza-lo carril que proceda, obstaculizando.

Circular por un carril habilitado para ser utilizado en sentido contrario ó habitual, obstaculizando.

Non garda-la distancia de separación ou seguridade frontal suficiente.

Non deixa-la separación lateral regulamentaria con peóns ou ciclistas.

Reducir notablemente a separación lateral con outros vehículos, animais ou obstáculos.

Circular a velocidade anormalmente reducida, obstaculizando.

Supera-la velocidade máxima en máis de 20 quilómetros por hora.

Non lles facilita-lo paso ós vehículos prioritarios.

Non lles facilita-la incorporación a outros vehículos cando o poida ou deba facer.

Non facilita-la incorporación dos vehículos de transporte colectivo de viaxeiros.

Deterse innecesariamente, obstaculizando.

Non lles cede-lo paso ós peóns que vaian subir ou que baixasen dun vehículo de transporte colectivo.

Non lles cede-lo paso ás tropas en formación, filas escolares ou comitivas organizadas.

Non lle cede-lo paso a un vehículo en treitos estreitos, ponte ou obras de paso, obstaculizando.

Non cede-lo paso en treitos de pendente descendente.

Reducir considerablemente a velocidade, sen xustificación, antes de penetrar nun carril de deceleración, obstaculizando.»

«2.5 Comportamento en interseccións:

Aproximarse incorrectamente á intersección, por posición ou velocidade, obstaculizando.

Deterse innecesariamente, obstaculizando.

Non se deter para cede-lo paso, obstaculizando.

Non cede-lo paso ó entrar a outra vía, obstaculizando a peóns ou animais.

Penetrar na intersección quedando inmobilizado nela obstaculizando a circulación transversal.

Reemprende-la marcha obstaculizando ou non reinicia-la marcha no momento oportuno, obstaculizando.

Franquea-la intersección non acelerando con decisión, obstaculizando.

Non se deter para cedérle-lo paso, obstaculizando, ós ciclistas cando se cruce unha beiravía ou se xire á dereita ou á esquerda para entrar noutra vía.»

«2.7 Paradas:

Realiza-la parada en lugar prohibido por norma, obstaculizando.

Realiza-la parada obstaculizando.

Non deixa-lo vehículo adecuadamente situado en relación co bordo da beirarrúa e outros elementos, obstaculizando.

Parar non permitindo a mellor utilización do espazo dispoñible, obstaculizando.

Percorrer cara atrás máis distancia da permitida ou invadindo un cruzamento de vías, obstaculizando.

Abri-la porta do vehículo ou descender del sen observa-la circulación, obstaculizando.»

«2.8 Estacionamento:

Estacionar en lugar prohibido por norma, obstaculizando.

Estacionar obstaculizando a circulación.

Percorrer cara atrás máis distancia da permitida ou invadindo un cruzamento de vías, obstaculizando.

Non deixa-lo vehículo adecuadamente situado en relación co bordo da beirarrúa ou outros elementos.

Estacionar non permitindo a mellor utilización do espazo dispoñible.

Abri-la porta do vehículo ou descender del sen observa-la circulación, obstaculizando.»

«2.10 Manexo de mandos:

Confusión de pedais.

Reducir velocidade de forma brusca (permiso da clase D).

Relación de marchas inadecuada en descensos pronunciados.

Non quita-lo freo de estacionamento ou eléctrico, afectando a marcha do vehículo.

Soltar momentaneamente as dúas mans do volante.

Deixar descende-lo vehículo máis de 50 cm.

Deixar cae-la motocicleta.

Realiza-los cambios de relación de marchas con brusquidade (permiso da clase D).

Arrincar de forma brusca ou a saltos (permiso clase D).

Frear ou desembragar en curva ou cambio de dirección.»

«3.4 Progresión normal:

Carril ou posición inadecuados.

Circulación pola beiravía.

Velocidade inadecuada.

Superar velocidade máxima en máis de 10 quilómetros por hora.

Deterse innecesariamente.

Circular salpicando ou proxectando calquera materia ós usuarios.

Reducir velocidade de forma considerable sen observación ou comprobación previa.

Reducir considerablemente a velocidade, sen xustificación, antes de penetrar nun carril de deceleración.

Subir ó bordo da beirarrúa coa roda posterior dun turismo.»

«3.10 Estacionamento:

Non observa-lo tráfico.

Non sinalizar ou facelo incorrectamente.

Realiza-la manobra en lugar prohibido por norma.

Selección incorrecta do espazo.

Execución incorrecta da manobra.

Non coloca-la motocicleta sobre o soporte de suxeición.

Abri-la porta do vehículo ou descender del sen observa-la circulación.

Non deixa-lo vehículo correctamente inmobilizado.»

«3.11 Sinais de axentes ou semáforos:

Detención innecesaria con vía libre por axente ou semáforo.

Demora-la continuación da marcha, ou deterse, cando o axente indique vía libre.

Non modera-la velocidade ante luz amarela intermitente.»

«3.14 Utilización de mandos:

Circular sen luces ou non utiliza-las regulamentarias.

Posta en marcha incorrecta.

Utilización inadecuada dos pedais.

Utilización de relación de velocidades inadecuada.

Non quitar totalmente o freo de estacionamento ou eléctrico.

Suxeición incorrecta do volante.

Desembragar ou frear en curva.

Non facer uso do limpa/lavaparabrisas.

Non utiliza-los sinais acústicos ou facelo antirreglamentariamente.

Inicia-la proba con algunha porta aberta.

Non ser capaz de desbloquea-la dirección do vehículo.

Non ser capaz de facer arrinca-lo motor.

Inicia-la incorporación co vehículo bloqueado por algún sistema de seguridade.»

Quince.—No anexo VIII modifícase a representación gráfica das manobras A), B), C), D), E) e F), permiso clases A1 e A para motos de roda pequena, prolongando, ata a liña horizontal inferior do recadro, a liña vertical que delimita pola parte superior esquerda a distancia de 5,50 metros (xúntase o gráfico corrixido).

Dezaseis.—Iguamente, no anexo VIII, na representación gráfica das manobras G) e H), permiso das clases A1 e A, no gráfico correspondente á manobra G), substitúese o largo de 1,30 metros, que figura na parte inferior do dito gráfico, polo de 1,90 metros (xúntase o gráfico corrixido).

Dezasete.—Esta orde entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».


Madrid, 22 de maio de 2002.



RAJOY BREY

ANEXO VIII
PRESENTACIÓN GRÁFICA DAS MANOBRAS A REALIZAR NA PROBA DE
CONTROL DE APTITUDES E COMPORTAMENTOS EN CIRCUÍTO CERRADO

MANOBRAS A), B), C), D), E) e F)


PERMISO CLASES A1 E A
MOTOS DE RODA PEQUENA
(ata 14" pulgadas ou 350 mm.)



-  BALIZAS
-  CONOS QUE SE PODEN
SUBSTITUÍR POR UNHA LIÑA
QUE SIMULE UN TREVO

MANOBRAS G) e H)

PERMISO CLASES A1 e A



De obstáculo á dereita e sorteo no lado esquerdo

⊙ CONOS